

## MODIFICACIÓN DA INSTRUCIÓN DO 6/10/2016 DE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE EXPEDIENTES DE GASTO

Os expedientes de gasto de tramitación anticipada requiren que, ademais do compromiso de existencia de crédito, se elabore o documento contable de tramitación anticipada na fase que corresponda. A tramitación anticipada permite reter (“RC”), autorizar (“A”) e tamén dispoñer dun gasto (“D”), no exercicio inmediatamente anterior ao da súa execución. Mediante os expedientes de tramitación anticipada pódese chegar ata adxudicar e formalizar un contrato, aínda que a súa execución, nunha ou en varias anualidades, se deba iniciar no exercicio seguinte. O límite de compromisos de gasto con cargo a exercicios futuros deberase adecuar ás porcentaxes que se establecen na normativa orzamentaria e nas Bases de execución do orzamento da UDC.

De acordo co que antecede e co fin de elaborar os documentos contables de tramitación anticipada que procedan á fase do gasto que se tramite, modifícase a Instrución de tramitación anticipada de expedientes de gasto, que pasa a ter a seguinte redacción:

Os expedientes de gastos imputables aos capítulos II, IV, VI e VII, dos orzamentos da UDC, poderanse iniciar no exercicio inmediatamente anterior a aquel en que vaia comezar a execución do dito gasto, sempre que as necesidades que haxa que satisfacer poidan ser previstas con anticipación, no seguinte suposto: sempre que exista crédito axeitado e suficiente no anteproxecto de orzamentos da UDC, elaborado pola Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (VEIS), que corresponda ao exercicio en que se vai materializar o gasto; no caso de expedientes anticipados de gastos e de carácter plurianual deberanse adecuar ao que está disposto nas Bases de execución do orzamento da UDC e no artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

A tramitación anticipada de expedientes de gasto realizarase a partir do 1 de outubro do exercicio anterior, salvo excepción, segundo o seguinte procedemento:

### 1. Inicio do expediente

Solicitude do/a responsable do crédito, dirixida á Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, da emisión dun compromiso de existencia de crédito, para os efectos da tramitación anticipada coa indicación de que no anteproxecto do orzamento está previsto crédito axeitado e suficiente, correspondente ao ano en que se deba iniciar a execución do gasto<sup>1</sup>. Esta solicitude acompañarase obrigatoriamente do documento contable de Retención de crédito (RC) de tramitación anticipada que será elaborado pola persoa responsable de asuntos económicos (RAE). A esta solicitude deberá unirse a resolución, o acordo, a convocatoria, o anexo contrato menor etc. que xustifique a necesidade de realizar o gasto no próximo exercicio. Cando se trate de expedientes que se deban executar en varias anualidades, a VEIS deberá acreditar igualmente que se cumpren os requisitos de compromisos

<sup>1</sup> (acompañase modelo<sup>1</sup>).

Código Seguro De Verificación	SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	30/10/2018 13:36:37
Observacións		Páxina	1/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==">https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==</a>		



a que se refiren as Bases de execución do orzamento da UDC e o artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro. Neste caso, ademais dos documentos de tramitación anticipada do exercicio que corresponda, elaboraranse os documentos plurianuais que recollan o importe do gasto en cada unha das anualidades. Na documentación de soporte que acompañe o expediente de gasto (resolución, acordo, convocatoria, anexo contrato menor etc.) indicárase o importe que corresponda executar en cada exercicio.

## 2. Toma de razón e fiscalización

A Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade remitirá o compromiso de existencia de crédito asinado, o documento contable RC e a documentación anexa ao Servizo de Xestión Financeira, para a súa toma de razón e posterior fiscalización e contabilización do documento contable polo Servizo de Intervención. Unha vez realizada esta tramitación, remitírase de novo o expediente de gasto ao/á RAE do centro de gasto, que poderá, a partir dese momento, continuar coas fases contables que correspondan de tramitación anticipada ata chegar, como máximo, á disposición do gasto. Cada fase acompañarase da resolución, o acordo, a convocatoria ou a solicitude de contrato menor que corresponda e *deberase enviar para fiscalizar polo Servizo de Intervención*.

## 3. Anulacións

Cando se deba proceder á anulación total o parcial dalgunha fase do gasto anticipado xa formalizada, elaborárase un documento idéntico ao confeccionado para o rexistro da operación pero de signo contrario. A anulación deberase xustificar coa resolución en que se xustificará a causa desta anulación, total ou parcial e a fase do gasto que corresponda.

## 4. Tramitación anticipada condicionada a existencia de crédito ao inicio do exercicio

Todos os actos ditados nos expedientes de gasto regulados por esta instrución entenderanse condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento do exercicio a que se imputa o gasto, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se iniciou a tramitación anticipada<sup>2</sup>.

## 5. Trámites para realizar cando se inicia o exercicio económico

Unha vez iniciado o exercicio económico que corresponda, xeraranse automaticamente en Universitas XXI-E o expediente de reserva de crédito e o/s documento/s contables que procedan, asociados a esta reserva, tanto de exercicio corrente como de anualidades posteriores. O asento automático no exercicio corrente dos expedientes de tramitación anticipada está condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente. No caso de que non exista crédito o/a RAE deberá solicitar as modificacións que corresponda que, unha vez tramitadas, permitirán posteriormente asentar os documentos en Universitas XXI-E. Elaboraranse segundo proceda (RC, A, D, AD).

<sup>2</sup> acompañañase un modelo de dilixencia que asinará o/a responsable do crédito e que se deberá incorporar ao expediente de tramitación anticipada.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	30/10/2018 13:36:37
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	2/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==">https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==</a>		



Ao inicio do exercicio, unha vez asentado o/s documento/s contable/s, este/s documento/s xunto co expediente e a documentación da tramitación anticipada remitiranse ao Servizo de Intervención para a súa fiscalización. O expediente acompañarase dunha dilixencia, asinada polo/a responsable do gasto en que faga constar que se manteñen as mesmas circunstancias que motivaron o inicio do expediente no exercicio anterior<sup>3</sup>.

## 6. Fiscalización de expediente

Todos os expedientes tramitados ao abeiro desta instrución deberanse remitir ao Servizo de Intervención para a súa fiscalización.

## 7. Detalle de documentos de tramitación anticipada

Xúntase no anexo IV o detalle e o código dos documentos de tramitación anticipada.

## 8. Disposicións VEIS

A Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade poderá ditar resolucións en desenvolvemento e para a execución desta instrución.

## 9. Cursos programados polo CUFIE e actividades do plan de formación de PAS

A VEIS poderá autorizar a tramitación de expedientes de gasto con carácter anticipado, nas condicións reguladas nesta instrución, no caso de expedientes de gasto que se imputen ao capítulo I dos orzamentos da UDC, correspondentes a:

- Cursos programados polo CUFIE
- Cursos que tramite o Servizo de Persoal de Administración e Servizos (a partir de agora PAS), dentro do plan de formación do PAS.

Débase tratar de actividades formativas que se inicien ao comezo de cada exercicio e exista crédito axeitado e suficiente no anteproxecto de orzamentos da UDC, que corresponda ao exercicio en que se vai realizar a actividade.

## Disposición final

Esta resolución publicarase no Taboleiro da Sede Electrónica da UDC e entrará en vigor o día da súa publicación.

A Coruña, 30 de outubro de 2018

O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade

Domingo Calvo Dopico

<sup>3</sup> (acompañase modelo de dilixencia<sup>3</sup>).

Código Seguro De Verificación	SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	30/10/2018 13:36:37
Observacións		Páxina	3/9
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==">https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==</a>		



**ANEXOS:**

1. Modelo de compromiso de existencia de crédito que se remitirá á Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (VEIS) debidamente cuberto e acompañado do documento contable de retención de crédito (RC) e da documentación que acompañe ao expediente.
2. Modelo de dilixencia de tramitación anticipada (deberase incluír en todos os expedientes de gasto que se tramiten).
3. Modelo de dilixencia de actualización de expedientes de gasto tramitados con carácter anticipado no exercicio anterior (deberase incluír en todos os expedientes que se actualicen no novo exercicio. Os que se asenten e se remitan ao Servizo de Intervención, ao inicio de cada exercicio).
4. Documentos contables de tramitación anticipada.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	30/10/2018 13:36:37
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	4/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==">https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==</a>		



**ANEXO 1: Modelo de compromiso de existencia de crédito que se remitirá á Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade (VEIS) debidamente cuberto**
**COMPROMISO DE INCLUSIÓN DE CRÉDITO NO ANTEPROXECTO DE ORZAMENTO PARA O ANO \_\_\_\_\_ PARA A TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE EXPEDIENTES DE GASTO**

A Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade, para os efectos do que dispón o apartado 2 da Instrución da UDC de tramitación anticipada de expedientes de gasto e de acordo co artigo 4.4. da Orde do 11/02/1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27/11/2000 e do 25/10/2001, e conforme o artigo 116.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que require a certificado de existencia no expediente de contratación

**FAI CONSTAR:**

1º Crédito inicial/crédito vinculante (**márquese a cela que corresponda**):

- O seu compromiso de incluír no anteproxecto de orzamentos da UDC para o ano (indíquese o ano) \_\_\_\_\_, crédito axeitado e suficiente nas seguintes partidas, para amparar a tramitación anticipada do/s expediente/s de gasto indicado/s a continuación:
- O seu compromiso de incluír no anteproxecto de orzamentos da UDC para o ano (indíquese o ano) \_\_\_\_\_, *crédito suficiente a nivel de vinculación*, para amparar a tramitación anticipada do/s expediente/s de gasto que se detalla/n:

EXPEDIENTE NÚM: \_\_\_\_\_

OBXECTO: \_\_\_\_\_

**ANTEPROXECTO ORZAMENTO ANO \_\_\_\_\_**

CONCEPTO (indíquese o obxecto do expediente)	PARTIDA	IMPORTE

2º Expedientes para executar en varias anualidades:

Cúmprense os requisitos de compromisos a que se refiren as Bases de execución do orzamento da UDC e o artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro:

**ANTEPROXECTO DE ORZAMENTO ANO \_\_\_\_\_**

<b>Código Seguro De Verificación</b>	SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	30/10/2018 13:36:37
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	5/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==">https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==</a>		



CONCEPTO (indíquese o obxecto do expediente)	PARTIDA	IMPORTE

ANTEPROXECTO DE ORZAMENTO ANO \_\_\_\_\_

CONCEPTO (indíquese o obxecto do expediente)	PARTIDA	IMPORTE

ANTEPROXECTO DE ORZAMENTO ANO \_\_\_\_\_

CONCEPTO (indíquese o obxecto do expediente)	PARTIDA	IMPORTE

3º Deberase xuntar o documento contable de Retención de crédito (RC) de tramitación anticipada e, de ser o caso, o(s) documento(s) RC plurianual(is) necesario(s) do(s) exercicio(s) e polos importes que correspondan.

A Coruña, \_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O vicerreitor de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade

\_\_\_\_\_

<p><b>TOMA DE RAZÓN</b> _____ (indíquese a data):</p> <p>A xefa do Servizo de Xestión Financeira</p> <hr/> <p>A Coruña, __ de _____ de _____</p>	<p><b>INTERVIDO</b></p> <p>O xefe do Servizo de Intervención</p> <hr/> <p>A Coruña, __ de _____ de _____</p>
--	--

<b>Código Seguro De Verificación</b>	SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	30/10/2018 13:36:37
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	6/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==">https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==</a>		



**ANEXO 2: MODELO DE DILIXENCIA DE TRAMITACIÓN ANTICIPADA**

Conforme o que dispón o apartado 4º da Instrución de tramitación anticipada de expedientes de gasto, FAGO CONSTAR:

Que todos os trámites efectuados na tramitación anticipada do seguinte expediente de gasto:

CONCEPTO (indíquese o obxecto do expediente)	PARTIDA	IMPORTE

están condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da UDC para o exercicio (indíquese o exercicio a que se imputará o gasto) \_\_\_\_\_.

A Coruña/Ferrol, \_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O/a responsable do crédito

<b>Código Seguro De Verificación</b>	SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	30/10/2018 13:36:37
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	7/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==">https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==</a>		



**ANEXO 3: MODELO DE DILIXENCIA DE ACTUALIZACIÓN NO EXERCICIO CORRENTE DE EXPEDIENTES DE GASTO TRAMITADOS ANTICIPADAMENTE NO EXERCICIO ANTERIOR**

Conforme o que dispón o apartado 5º da Instrución de tramitación anticipada de expedientes de gasto, FAGO CONSTAR:

Que todos os trámites efectuados na tramitación anticipada no exercicio \_\_\_\_\_ (indíquese o exercicio en que se iniciou a tramitación do expediente de gasto anticipado), do seguinte expediente de gasto:

CONCEPTO (indíquese o obxecto do expediente)	PARTIDA	IMPORTE

Conservan a súa validez, no exercicio \_\_\_\_\_ (indíquese o exercicio actual a que se imputará o gasto) por persistir as mesmas circunstancias de feito e de dereito que motivaron o inicio do expediente de gasto.

A Coruña/Ferrol, \_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O/a responsable do crédito


<b>Código Seguro De Verificación</b>	SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	30/10/2018 13:36:37
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==">https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==</a>		





**ANEXO 4.** Documentos contables de tramitación anticipada.

**Tramitación anticipada:** neste casos, ao non facer expediente de reserva, fanse os documentos contables directamente dende o módulo de docuconta: menú general → Gastos → Tramitación anticipada.



As claves de fase serán as seguintes:

- 2.20.100.0 RC: Retención de crédito para tramitación anticipada (**OBRIGATORIO**)
- 2.20.210.0 A: Autorización sobre crédito retido para a tramitación anticipada
- 2.20.230.0 AD: Autorización e compromiso de gasto sobre crédito retido para a tramitación anticipada
- 2.20.300.0 D: Compromiso de gasto con tramitación anticipada
  
- Relación de documentos negativos:
  - 2.20.100.1 RC: Anulación de retención de crédito para tramitación anticipada
  - 2.20.210.1 A: Anulación de autorización sobre crédito retido para a tramitación anticipada
  - 2.20.230.1 AD: Anulación de autorización e compromiso de gasto sobre crédito retido para a tramitación anticipada
  - 2.20.300.1 D: Anulación de compromiso de gasto con tramitación anticipada

<b>Código Seguro De Verificación</b>	SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Vicerr. de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade Domingo Javier Calvo Dopico	Asinado	30/10/2018 13:36:37
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	9/9
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==">https://sede.udc.gal/services/validation/SigicVzw6685QzwpGh3Dqg==</a>		

